

nados períodos, nin sequera tras coordinación das distintas solicitudes de capacidade.

Licencia: unha autorización concedida por un Estado a unha empresa á que se lle recoñece a súa condición de empresa ferroviaria, condición que pode estar limitada á prestación de determinados tipos de servicios de transporte.

Liña: parte da infraestrutura ferroviaria que une dous puntos determinados e que está integrada polos seguintes elementos: plataformas da vía, superestructuras, como carrís e contrarraís, travesas e material de suxeición, obras civís, como pontes, pasos superiores e túneles, e instalacións de seguridade, de sinalización e de telecomunicación da vía e elementos que permiten a iluminación. Non se consideran incluídos no concepto de liña as estacións e terminais ou outros edificios ou instalacións de atención ó viaxeiro.

Plan de aumento de capacidade: a medida ou conxunto de medidas, acompañadas dun calendario de aplicación, propostas para mitigar as limitacións de capacidade que deben ser informados en caso de incidente importante ou de perturbación grave do tráfico ferroviario.

Plan de contingencias: é o elaborado polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias que contén a relación das administracións, os organismos e os órganos públicos que deben ser informados en caso de incidente importante ou de perturbación grave do tráfico ferroviario.

Servicio internacional de transporte de mercadorías: calquera servicio de transporte en que o tren cruza, polo menos, unha fronteira dun Estado membro. O tren pódese compor ou dividir, ou ámbalas cousas, e as distintas seccións terán diferentes orixes e destinos, sempre que tódolos vagóns cruzan, polo menos, unha fronteira.

Servicios adicionais: son servicios adicionais, os de acceso desde a vía ás instalacións de mantemento, reparación e subministración existentes na Rede Ferroviaria de Interese Xeral, concretamente:

- a) Ás de aprovisionamento de combustible.
- b) Ás de electrificación para a tracción, cando estea dispoñible.
- c) Ás de formación de trens.
- d) Ás de mantemento e outras instalacións técnicas.
- e) Ás terminais de carga.

O Administrador de Infraestructuras Ferroviarias unicamente poderá rexeitar as demandas de empresas ferroviarias se existen alternativas viábles en condicións de mercado.

Servicios complementarios: son servicios complementarios, aqueles que o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias lles poida ofrecer ás empresas ferroviarias, quedando aquel obrigado a llelos prestar ás que o soliciten. Tales servicios poden comprender:

- a) A corrente de tracción.
- b) O prequecemento de trens de viaxeiros.
- c) A subministración de combustible, servicio de manobras e calquera outro subministrado nas instalacións dos servicios de acceso.
- d) Os específicos para control do transporte de mercadorías perigosas e para a asistencia á circulación de convois especiais.

Servicios auxiliares: son servicios auxiliares, os que as empresas ferroviarias lle poden solicitar ó Administrador de Infraestructuras Ferroviarias ou outros prestadores. Emporiso, neste caso, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias non estará obrigado a prestalos. Entre estes servicios inclúense:

- a) O acceso á rede de telecomunicación.
- b) A subministración de información complementaria.
- c) A inspección técnica do material rodante.

**21052** LEI 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas. («BOE» 277, do 19-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A familia, como núcleo fundamental da sociedade, desempeña múltiples funcións sociais, que a fan merecente dunha protección específica tal como sinalan numerosos instrumentos internacionais, entre os que destacan a Declaración Universal de Dereitos Humanos e a Carta Social Europea. Pola súa banda, a Constitución española de 1978 establece, no seu artigo 39, que os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

Dentro das diversas realidades familiares, as chamadas familias numerosas presentan unha problemática particular polo custo que representa para elas o coidado e a educación dos fillos ou o acceso a unha vivenda adecuada ás súas necesidades. Estas circunstancias poden implicar unha diferenza substancial co nivel de vida doutras familias con menos fillos ou sen eles. Neste sentido, non se debe esquecer que o artigo 9.2 da nosa Constitución establece o principio de igualdade material, que debe leva-lo lexislador a introducir as medidas correctoras necesarias para que os membros das familias numerosas non queden en situación de desvantaxe no que se refire ó acceso ós bens económicos, culturais e sociais.

A regulación ata o de agora vixente en materia de protección das familias numerosas encóntrase na Lei 25/1971, do 19 de xuño, que, aínda que veu sendo obxecto de modificacións, non se axusta á realidade social e económica dos nosos días. Por outra parte, por se tratar dunha norma preconstitucional, moitos conceptos quedaron obsoletos e os beneficios previstos nela caeron na súa maior parte en desuso, e non se corresponden coa actual organización do Estado, onde o ámbito de competencias das distintas administracións públicas é completamente diferente ó da época en que se promulgou a mencionada lei.

Actualmente, as comunidades autónomas son competentes para o recoñecemento da condición de familia numerosa e para a expedición e o anovamento do título correspondente, así como para exercer a potestade sancionadora na parte e contía establecidas na lexislación vixente. Por outra parte, a maioría das materias en que cabe recoñecer beneficios para as familias numerosas están dentro do ámbito de competencias das comunidades autónomas e, mesmo, do das corporacións locais.

Por estas razóns faise precisa unha actualización da lexislación sobre protección das familias numerosas que teña en conta todos estes aspectos e que aborde dunha maneira máis flexible e adecuada á realidade social a noción de familia numerosa.

Esta lei vén dar resposta a esta necesidade. No título I regúlanse as disposicións xerais de carácter básico para todo o Estado, como son o concepto de familia numerosa, as condicións que deben reuni-los seus membros, as distintas categorías en que se clasifican estas familias e os procedementos de recoñecemento, anovamento, modificación ou perda do título.

As principais novidades que se incorporan neste título I refírense ó concepto de familia numerosa para efectos desta lei, xa que se inclúen novas situacións familiares

(supostos de monoparentalidade, xa sexan de orixe, xa sexan derivados da ruptura dunha relación matrimonial por separación, divorcio ou falecemento dun dos proxenitores; familias reconstituídas tras procesos de divorcio), se introduce unha equiparación plena entre as distintas formas de filiación e os supostos de acollemento ou tutela.

Deste modo, inclúense novos supostos que poden dar lugar ó recoñecemento da condición de familia numerosa, como son as familias formadas polo pai ou a nai separados ou divorciados con tres ou máis fillos, aínda que non exista convivencia, sempre que dependan economicamente de quen solicite tal recoñecemento, e dous ou máis orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda, sempre que non estean a expensas da persoa coa que conviven.

En canto ás condicións da familia numerosa, introducíense modificacións en relación cos requisitos de nacionalidade e residencia. Mantense o dereito a te-la condición de familia numerosa a nacionais de Estados membros da Unión Europea e do Espacio Económico Europeo, sempre que polo menos un dos ascendentes exerza unha actividade laboral ou profesional en España, aínda que residan noutro Estado membro, e esténdese este dereito ós nacionais doutros países residentes en España en igualdade de condicións cós españois, sempre que residan en España tódolos membros que dean dereito ós beneficios que regula a lei, nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Outra importante novidade refírese ás categorías en que se clasifican as familias numerosas, que pasan de tres a dúas: xeral e especial, en correspondencia coa baixa natalidade que presenta o noso país, que aconsella agrupar, por unha parte, as familias numerosas con menos de cinco fillos e, por outra, as que teñen cinco ou máis de cinco fillos. Sen embargo, introducíronse tamén algúns criterios cualitativos para clasificar as familias: a condición de minusválido dos fillos, a renda familiar per cápita e o feito dos partos, adopcións ou acollementos múltiples.

En relación co título acreditativo da condición de familia numerosa, será expedido polas comunidades autónomas, aínda que ten validez en todo o territorio do Estado, e deberá ser anovado ou deixado sen efecto cando varíe o número de membros da unidade familiar ou as condicións que deron motivo á expedición do título e isto supoña un cambio de categoría ou a perda da condición de familia numerosa.

O título II refírese á acción protectora asociada á condición de familia numerosa. Neste detállanse aqueles beneficios que se encontran incluídos no ámbito de competencias do Estado e que non supoñen unha modificación directa dalgunha lei vixente, xa que estes últimos están recollidos na disposición adicional primeira.

Neste título II detállanse os beneficios sociais, no ámbito das actividades e servicios públicos ou de interese xeral, vivenda e réxime fiscal. En materia social, prevense beneficios pola contratación de coidador en familias numerosas cando ámbolos ascendentes traballen fóra do fogar; tamén se establece a posibilidade de establecer por negociación colectiva un réxime de preferencias en materia de dereitos dos traballadores, acción social, mobilidade xeográfica, modificación substancial das condicións de traballo e extinción do contrato de traballo a favor dos traballadores por conta allea que formen parte de familias numerosas.

En materia de actividades e servicios públicos ou de interese xeral, prevese un réxime de dereitos de preferencia en diversos ámbitos, entre os que cabe cita-lo acceso a bolsas e axudas, a admisión en centros educativos ou a vivendas protexidas. Establécese tamén un réxime de exencións e bonificacións en taxas e prezos en materia de educación, transporte ou acceso a bens

e servicios culturais. Así mesmo, na área de educación, o subsidio de educación especial e incremento da prestación por infortunio familiar do seguro escolar. Prevese que as administracións públicas adopten as medidas necesarias para que se lles conceda un trato favorable ás familias numerosas en servicios de interese xeral. Finalmente, polo que se refire a estas materias, prevese que a Administración xeral do Estado promova a responsabilidade social das empresas e axentes sociais co fin de que se lles conceda un trato favorable ás familias numerosas no acceso ó mercado laboral, vivenda, crédito e actividades de ocio e culturais.

No ámbito da vivenda, a lei prevé unha serie de beneficios específicos para as familias numerosas en canto ó seu acceso a vivendas suxeitas a réximes de protección pública, que se articulan cos sucesivos plans de vivenda que aproba periodicamente o Goberno.

En materia fiscal, prevese a garantía legal de que a Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, debe establecer beneficios a favor das familias numerosas para compensar as cargas familiares e favorece-la conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais traballadores.

O título III regula o réxime de obrigas, infraccións e sancións. Aínda que a potestade sancionadora nesta materia a exercen as comunidades autónomas, debe enmarcarse na clasificación e tipificación das infraccións e sancións definidas nesta norma, así como nas normas xerais previstas ó respecto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Especificamente, prevese a posibilidade de impor como medida provisional a suspensión de efectos do título de familia numerosa mentres se tramite o expediente sancionador.

Na disposición adicional primeira trátanse diversos beneficios en materia de Seguridade Social e emprego que supoñen modificacións de normas legais vixentes, incluíndo o incremento do límite de rendas para ter dereito ás asignacións económicas por fillo a cargo e a ampliación do período de reserva do posto de traballo e da súa conseguinte consideración como período de cotización efectiva en supostos de excedencia por coidado de fillos desfrutados por traballadores pais ou nais de familia numerosa.

A disposición adicional segunda recolle o carácter de mínimo dos beneficios previstos nesta lei, a súa compatibilidade con calquera outro que se puidese prever para este colectivo familiar e a posibilidade de ampliar a acción protectora desta lei por parte da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas ou as corporacións locais, no ámbito das súas respectivas competencias.

A disposición adicional terceira, pola súa parte, prevé a exención de calquera taxa e demais dereitos de expedición que puidesen ser de aplicación para obter a documentación precisa para a expedición ou anovamento do título de familia numerosa que sexan competencia da Administración xeral do Estado, e posibilidade do seu establecemento polas comunidades autónomas e corporacións locais respecto á documentación da súa competencia.

Na disposición adicional cuarta refórmase a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, para os efectos de estender certos beneficios recollidos nesta lei a persoas en que concorran determinadas circunstancias familiares.

Na disposición adicional quinta prevese que as exencións que recolle o artigo 12.1.a) da lei non poderán ser, en ningún caso, inferiores ás que existan no momento de entrada en vigor da lei.

Na disposición adicional sexta créase o Observatorio da Familia coa finalidade de coñecer a situación das familias e da súa calidade de vida, realiza-lo seguimento das

políticas sociais que a afectan, facer recomendacións en relación coas políticas públicas e efectuar estudos e publicacións que contribúan ó mellor coñecemento das necesidades da familia.

Na disposición adicional sétima establécese que os poderes públicos deberán considerar medidas específicas para facilita-la incorporación ó mercado de traballo dos proxenitores de familias numerosas.

As disposicións transitorias desta lei articulan o paso da anterior clasificación das familias numerosas en tres categorías á prevista nesta lei en tan só dúas. Para isto establécese as correspondentes equivalencias entre as anteriores e as novas categorías. Así mesmo, sinálase a subsistencia, mentres non se produza un desenvolvemento das previsións desta lei, dos beneficios vixentes ó abeiro da normativa que agora se derroga, aínda que se regula a aplicación dos beneficios previstos para as anteriores tres categorías á nova clasificación en dúas categorías, optando por lles aplicar ás familias clasificadas na categoría xeral os beneficios previstos para a primeira categoría, mentres que para as incluídas na categoría especial se aplicarían os previstos na categoría de honra.

Queda derogada a Lei 25/1971, do 19 de xuño, sobre protección das familias numerosas, e o Decreto 3140/1971, do 23 de decembro, que a desenvolvía, e o Goberno deberá dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación, desenvolvemento e execución da lei, para o cal se terán en conta as rendas das unidades familiares e a categoría en que estas se encontren clasificadas.

Finalmente, establécese na disposición derradeira primeira os artigos desta lei que resultan de aplicación xeral ó abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Esta lei ten por obxecto establece-la definición, a acreditación e o réxime das familias numerosas, de acordo co previsto no artigo 39 da Constitución.

2. Os beneficios establecidos ó abeiro desta lei teñen como finalidade primordial contribuír a promover as condicións para que a igualdade dos membros das familias numerosas sexa real e efectiva no acceso e desfrute dos bens económicos, sociais e culturais.

#### Artigo 2. *Concepto de familia numerosa.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia numerosa a integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns.

2. Equipáranse a familia numerosa, para os efectos desta lei, as familias constituídas por:

a) Un ou dous ascendentes con dous fillos, sexan ou non comúns, sempre que polo menos un destes sexa discapacitado ou estea incapacitado para traballar.

b) Dous ascendentes, cando ambos fosen discapacitados, ou, polo menos un deles tivese un grao de incapacidade igual ou superior ó 65 por cento, ou estivesen incapacitados para traballar, con dous fillos, sexan ou non comúns.

c) O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica, aínda que non vivan no domicilio conxugal.

Neste suposto, o proxenitor que opte por solicita-lo recoñecemento da condición de familia numerosa, propondo para estes efectos que se teñan en conta fillos que non convivan con el, deberá presenta-la resolución xudicial na que se declare a súa obriga de lles prestar alimentos.

No caso de que non houberse acordo dos pais sobre os fillos que se deban considerar na unidade familiar, operará o criterio de convivencia.

d) Dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan co titor, acolledor ou gardador, pero que non estean ás súas expensas.

e) Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai, maiores de 18 anos, ou dous, se un deles é discapacitado, que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.

3. Para os efectos desta lei, considéranse ascendentes o pai, a nai ou ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e, de se-lo caso, o cónxuxe dun deles.

Equipárase á condición de ascendente a persoa ou persoas que, na falta dos mencionados no parágrafo anterior, tivesen ó seu cargo a tutela ou o acollemento familiar permanente ou preadoptivo dos fillos, sempre que estes convivan con ela ou elas e ás súas expensas.

4. Terán a mesma consideración que os fillos as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

5. Para os efectos desta lei, entenderase por discapacitado aquel que teña recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento, e por incapaz para traballar aquela persoa que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

#### Artigo 3. *Condicións da familia numerosa.*

1. Para que se recoñeza e manteña o dereito a posuí-la condición de familia numerosa, os fillos ou irmáns deberán reuni-las seguintes condicións:

a) Seren solteiros e menores de 21 anos de idade, ou seren discapacitados ou estaren incapacitados para traballar, calquera que sexa a súa idade.

Tal límite de idade ampliarase ata os 25 anos de idade, cando cursen estudos que se consideren adecuados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo.

b) Conviviren co ascendente ou ascendentes, sen prexuízo do previsto no artigo 2.2.c) para o suposto de separación dos ascendentes. Entenderase en todo caso que a separación transitoria motivada por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras causas similares non rompe a convivencia entre pais e fillos, nos termos que regulamentariamente se determinen.

c) Dependieren economicamente do ascendente ou ascendentes. Considerarase que se mantén a dependencia económica cando:

1.º O fillo obteña uns ingresos non superiores, en cómputo anual, ó salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

2.º O fillo estea incapacitado para o traballo e a contía da súa pensión, se a percibise, non exceda, en cómputo anual, do salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

3.º O fillo contribúa ó sostemento da familia e exista un único ascendente, se este non está en activo, nos casos e nas condicións que regulamentariamente se determinen.

4.º O fillo contribúa ó sostemento da familia e o pai e/ou a nai estean incapacitados para o traballo, xubi-

lados ou sexan maiores de 65 anos de idade, sempre que os ingresos destes non sexan superiores, en cómputo anual, ó salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

2. Os membros da unidade familiar deberán ser españois ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dalgún dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo e te-la súa residencia en territorio español, ou, se teñen a súa residencia noutro Estado membro da Unión Europea ou que sexa parte do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, que polo menos un dos ascendentes da unidade familiar exerza unha actividade por conta allea ou por conta propia en España.

Os membros da unidade familiar, nacionais doutros países, terán, para os efectos desta lei, dereito ó recoñecemento da condición de familia numerosa en igualdade de condicións cós españois, sempre que sexan residentes en España tódolos membros que dean dereito ós beneficios a que se refire esta lei, nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Ninguén poderá ser computado, para os efectos desta lei, en dúas unidades familiares ó mesmo tempo.

#### Artigo 4. *Categorías de familia numerosa.*

1. As familias numerosas, por razón do número de fillos que reúnan as condicións dos artigos 2 e 3 desta lei, clasificaranse nalgunha das seguintes categorías:

- a) Especial: as de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.
- b) Xeral: as restantes unidades familiares.

2. Non obstante, as unidades familiares con catro fillos clasificaranse na categoría especial cando os seus ingresos anuais, divididos polo número de membros que as compoñen, non superen en cómputo anual o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, incluídas as pagas extraordinarias.

3. Cada fillo discapacitado ou incapacitado para traballar, nos termos definidos no número 5 do artigo 2, computará como dous para determina-la categoría en que se clasifica a unidade familiar da que forma parte.

#### Artigo 5. *Recoñecemento da condición de familia numerosa.*

1. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos nesta lei, por petición de calquera dos ascendentes, titor, acolledor, gardador, ou outro membro da unidade familiar con capacidade legal.

2. Correspóndelle á comunidade autónoma de residencia do solicitante a competencia para o recoñecemento da condición de familia numerosa, así como para a expedición e o anovamento do título que acredita tal condición e categoría. Para os efectos desta lei, este título terá validez en todo o territorio nacional sen necesidade de ningún acto de recoñecemento. O contido mínimo e indispensable para asegura-la súa eficacia determinarase no desenvolvemento regulamentario desta lei.

Para os casos dos nacionais de Estados membros da Unión Europea ou dos restantes que sexan parte no

Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, que non teñan a súa residencia en territorio español, será competente a comunidade autónoma en que o solicitante exerza a súa actividade por conta allea ou por conta propia.

#### Artigo 6. *Anovamento, modificación ou perda do título.*

O título de familia numerosa deberase anovar ou deixar sen efecto cando varíe o número de membros da unidade familiar ou as condicións que deron motivo á expedición do título e isto supoña un cambio de categoría ou a perda da condición de familia numerosa.

#### Artigo 7. *Data de efectos.*

1. Os beneficios concedidos ás familias numerosas producirán efectos desde a data da presentación da solicitude de recoñecemento ou anovamento do título oficial.

2. O título que recoñeza a condición de familia numerosa manterá os seus efectos durante todo o período a que se refire a concesión ou anovamento, ou ata o momento en que proceda modifica-la categoría en que se encontre clasificada a unidade familiar ou deixen de concorrer-las condicións esixidas para te-la consideración de familia numerosa.

#### Artigo 8. *Recursos.*

As resolucións administrativas relativas ó recoñecemento da condición de familia numerosa e de anovamento, modificación, caducidade ou revogación do correspondente título serán recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa unha vez esgotada a vía administrativa.

## TÍTULO II

### Acción protectora

#### CAPÍTULO I

#### Beneficios sociais

#### Artigo 9. *Beneficio pola contratación de coidadores en familias numerosas.*

A contratación de coidadores en familias numerosas dará dereito a unha bonificación do 45 por cento das cotas á Seguridade Social a cargo do empregador nas condicións que legal ou regulamentariamente se establezan, sempre que os dous ascendentes ou o ascendente, en caso de familia monoparental, definidos nos termos previstos no número 3 do artigo 2, exerzan unha actividade profesional por conta allea ou propia fóra do fogar ou estean incapacitados para traballar.

Cando a familia numerosa teña a categoría de especial, para a aplicación deste beneficio non será necesario que os dous proxenitores desenvolvan calquera actividade retribuída fóra do fogar.

En calquera caso, o beneficio indicado no primeiro parágrafo deste artigo só será aplicable pola contratación dun único coidador por cada unidade familiar que teña recoñecida oficialmente a condición de familia numerosa.

#### Artigo 10. *Conservación de situacións laborais.*

1. Os convenios colectivos poderán incluír medidas para a protección dos traballadores cunha familia que teña a consideración legal de familia numerosa, en par-

ricular, en materia de dereitos dos traballadores, acción social, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais das condicións de traballo e extinción do contrato de traballo.

2. Para os traballadores que formen parte de unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, duplicaranse os prazos sinalados legalmente para desaloxa-la vivenda que ocupen por razón de traballo cando quede extinguida a relación laboral.

3. Os beneficios obtidos de acordo co establecido nos dous puntos anteriores entenderanse sen prexuízo das demais preferencias establecidas pola lexislación que se encontre en vigor en cada momento.

## CAPÍTULO II

### Beneficios en materia de actividades e servicios públicos ou de interese xeral

#### Artigo 11. Dereitos de preferencia.

Os membros das familias numerosas terán trato preferente, de acordo co que determine a Administración competente na normativa aplicable, nos seguintes ámbitos:

a) A concesión de bolsas e axudas en materia educativa, así como para a adquisición de libros e demais material didáctico.

b) A puntuación no réxime de admisión de alumnos en centros de educación preescolar e centros docentes sostidos con fondos públicos.

c) O acceso ás vivendas protexidas, sen prexuízo dos beneficios máis específicos establecidos no capítulo III deste título.

d) O acceso a albergues, centros cívicos e demais locais e espazos ou actividades de ocio que dependan da Administración.

#### Artigo 12. Exencións e bonificacións en taxas e prezos.

1. As administracións públicas competentes establecerán un réxime de exencións e bonificacións para os membros das familias numerosas que teñan recoñecida tal condición, en relación coas taxas e prezos pola prestación de servicios ou a realización de actividades da súa competencia nos seguintes ámbitos:

a) Os transportes públicos, urbanos e interurbanos, sen prexuízo do establecido no artigo 20 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

b) O acceso ós bens e servicios sociais, culturais, deportivos e de ocio.

c) O acceso ás probas de selección para o ingreso na función pública.

2. No ámbito da educación establécense os seguintes beneficios:

a) En tódolos réximes, niveis e ciclos terá lugar unha exención do 100 por cento ós membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50 por cento para os de categoría xeral das taxas ou prezos públicos que se apliquen ós dereitos de matriculación e exame, por expedición de títulos e diplomas académicos, docentes e profesionais, e calquera outra taxa ou prezo público establecido no citado ámbito.

b) Outorgaráselles un subsidio ás familias numerosas que teñan no seu seo fillos discapacitados ou incapacitados para traballar que presenten necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade.

c) Cando o beneficiario dunha prestación por infortunio familiar, concedida polo seguro escolar, sexa mem-

bro dunha familia numerosa, a contía desta prestación incrementarase nun 20 por cento para as de categoría xeral e nun 50 por cento para as de categoría especial.

3. Para establece-la contía dos beneficios, terase en conta o carácter esencial e as características de cada servicio, así como as categorías de familia numerosa establecidas no artigo 4.

#### Artigo 13. Servicios de interese xeral.

A Administración xeral do Estado adoptará as medidas necesarias para que as entidades, empresas e establecementos que presten servicios ou realicen actividades de interese xeral suxeitos a obrigas propias do servicio público concedan un trato máis favorable para os membros das familias numerosas que teñan recoñecida tal condición nas contraprestacións que deban satisfacer.

#### Artigo 14. Acción protectora concertada.

A Administración xeral do Estado fomentará a responsabilidade social das empresas e dos axentes económicos e sociais, co fin de establecer un tratamento especial, baseado no principio de voluntariedade, que facilite e priorice o acceso ó mercado laboral, á vivenda, ó crédito e ós bens e servicios culturais, incluíndo as actividades deportivas e de ocio, dos membros das familias numerosas que teñan recoñecida tal condición.

## CAPÍTULO III

### Acción protectora en materia de vivenda

#### Artigo 15. Beneficios xerais.

1. A Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, deberalles garantir ás familias numerosas beneficios en relación co acceso á vivenda habitual nas seguintes materias:

a) Incremento do límite de ingresos computables para o acceso a vivendas protexidas.

b) Acceso preferente a préstamos cualificados concedidos por entidades de crédito públicas ou privadas concertadas para a promoción e adquisición de vivendas suxeitas ó réxime de actuacións protexibles.

c) Establecemento de condicións especiais á subsidiación de préstamos cualificados, outorgamento de subvencións e demais axudas económicas directas de carácter especial previstas para a promoción e adquisición de vivendas suxeitas ó réxime de actuacións protexibles.

d) Adxudicación de vivendas protexidas, establecendo unha superior puntuación nos baremos aplicables ou, de se-lo caso, unha cota reservada de vivendas nas promocións públicas.

e) Facilita-lo cambio a outra vivenda protexida de maior superficie cando se produza unha ampliación do número de membros da familia numerosa.

f) Facilita-la adaptación da actual vivenda ou o cambio a outra vivenda protexida que cumpra as condicións de accesibilidade adecuadas á discapacidade sobrevida que afecte a un membro dunha familia numerosa cando a actual non as reúna.

2. Poderase establecer unha superficie útil superior á máxima prevista para as vivendas suxeitas a réximes de protección pública cando sexan destinadas para o seu uso como domicilio habitual e permanente de familias numerosas, de acordo coa súa composición e as súas necesidades. Regulamentariamente establecerase a gradación, en termos de proporción máxima superable, de acordo coa composición e necesidades das familias.

Cando a composición ou a superficie da vivenda protexida resulte insuficiente, poderánselle adxudicar a unha soa familia numerosa, dentro dos límites de superficie que en cada caso proceda, dúas ou máis vivendas que horizontal ou verticalmente poidan constituir unha soa unidade.

#### CAPÍTULO IV

##### Acción protectora en materia tributaria

###### Artigo 16. *Beneficios xerais.*

A Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias, deberalles garantir ás familias numerosas beneficios fiscais para compensar as rendas familiares en función das cargas que soportan e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais traballadores.

#### TÍTULO III

##### Réxime de obrigas, infraccións e sancións

###### Artigo 17. *Obrigas dos titulares de familia numerosa.*

1. As persoas que formen parte de unidades familiares ás que se lles recoñece o título de familia numerosa están obrigadas a comunicar á Administración competente, no prazo máximo de tres meses, calquera variación que se produza na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta para efectos da modificación ou extinción do dereito a tal título.

2. Así mesmo, están obrigadas a presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha declaración expresiva dos ingresos da unidade familiar habidos durante o ano anterior, excepto cando xa consten en poder da Administración, sempre que estes se tivesen en conta para a consideración da familia como numerosa, para a súa clasificación na categoría especial ou para acreditarlo requisito de dependencia económica.

###### Artigo 18. *Réxime sancionador.*

1. Este réxime sancionador ten por obxecto garantir a observancia dos requisitos, condicións e obrigas que deben cumprilos beneficiarios que formen parte de unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familia numerosa.

2. Constitúen infraccións administrativas as condutas e os feitos tipificados no punto seguinte cando nelas interveña dolo, culpa ou simple negligencia. Para estes efectos, considérase responsable calquera dos membros que integre a familia numerosa que realice algunha das condutas ou dos feitos constitutivos de infracción administrativa.

3. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Son infraccións leves:

1.<sup>a</sup> A non comunicación á Administración competente, no prazo máximo de tres meses, de calquera variación que se produza na familia que deba ser tomada en conta para efectos da modificación ou extinción do dereito ó título.

2.<sup>a</sup> A non presentación ante a Administración competente, durante o primeiro trimestre de cada ano, da declaración dos ingresos obtidos durante o ano anterior pola unidade familiar, nos termos previstos no artigo 17.2 desta lei.

3.<sup>a</sup> A negativa a exhibir-lo título cando exista obriga de facelo.

b) Son infraccións graves:

1.<sup>a</sup> A comisión de tres infraccións leves cando recaese sanción.

2.<sup>a</sup> A ocultación ou falsidade dalgún dos requisitos ou condicións esixidos pola lei para obter ou manter a condición de familia numerosa.

3.<sup>a</sup> A falsificación do título oficial de familia numerosa.

4.<sup>a</sup> A cesión do título a persoas alleas non amparadas por este.

5.<sup>a</sup> A posesión ou uso indebido ou abusivo do título oficial de familia numerosa ou de título de categoría superior á que en cada caso corresponda.

c) Constituirá infracción moi grave a comisión de dúas ou máis infraccións graves cando recaese sanción.

4. Sen prexuízo das demais responsabilidades que procedesen, as sancións que se lles poderán impor ás persoas que incorran nalgunha das infraccións mencionadas no anterior punto son as seguintes:

a) Por infraccións leves:

1.<sup>a</sup> Amoestación individual por escrito.

2.<sup>a</sup> Suspensión de calquera dos dereitos atribuídos ós beneficiarios do título de familia numerosa por un tempo non superior a un mes.

b) Por infraccións graves:

1.<sup>a</sup> Suspensión de tódolos dereitos atribuídos ós beneficiarios do título de familia numerosa por un tempo superior a un mes e non superior a seis meses.

2.<sup>a</sup> Suspensión dalgún dos dereitos atribuídos ós beneficiarios do título de familia numerosa por un tempo superior a seis meses e inferior a dous anos.

c) Por infraccións moi graves:

1.<sup>a</sup> Suspensión de tódolos dereitos atribuídos ós beneficiarios do título de familia numerosa por un período de seis meses a dous anos.

2.<sup>a</sup> Perda da condición de beneficiario.

5. En consideración á gravidade da infracción, poderase adoptar como medida provisional, mentres se tramita o procedemento sancionador, a suspensión dos efectos do recoñecemento da condición de familia numerosa, de acordo cos principios e as garantías establecidos na normativa reguladora do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

###### Artigo 19. *Desenvolvemento do réxime sancionador.*

As comunidades autónomas desenvolverán o réxime sancionador previsto no artigo anterior e aplicaranlo conforme o que establezan as súas propias normas, de acordo co establecido en relación coa potestade sancionadora, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e as normas regulamentarias que o desenvolven.

###### Disposición adicional primeira. *Beneficios en materia de Seguridade Social e emprego.*

Un. Incremento do límite de recursos económicos para ter dereito ás asignacións económicas por fillo a cargo.

Dáselle nova redacción á letra a) do artigo 181 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«a) As persoas integradas no réxime xeral que, reunindo a condición esixida no número 1 do artigo 124, non perciban ingresos anuais, de calquera natureza, superiores a 8.264,28 euros. A contía anterior incrementárase nun 15 por cento por cada fillo a cargo, a partir do segundo, este incluído.

Non obstante, se se trata de persoas que forman parte de familias numerosas, de acordo co establecido na Lei de protección das familias numerosas tamén terán dereito á indicada asignación económica por fillo a cargo se os seus ingresos anuais non son superiores a 14.200 euros, nos supostos en que concorran tres fillos a cargo, incrementándose en 2.300 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, ese incluído.

Os límites máximos de ingresos anuais establecidos nas alíneas anteriores actualizaranse anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, respecto á contía do ano anterior, polo menos, na mesma porcentaxe que nesta lei se estableza como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.»

Dous. Ampliación do período considerado como de cotización efectiva en supostos de excedencia por coidado de fillos.

Engádeselle un segundo parágrafo ó artigo 180.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«O período considerado como de cotización efectiva a que se refire o parágrafo anterior terá unha duración de 15 meses, se a unidade familiar da que forma parte o menor, para o coidado do cal se solicita a excedencia, ten a consideración de familia numerosa de categoría xeral, ou de 18 meses, se ten a de categoría especial.»

Tres. Ampliación do período de reserva do posto nos supostos de excedencia por coidado de fillos.

Engádeselle unha nova alínea sexta ó número 3 do artigo 46 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte texto:

«Non obstante, cando o traballador forme parte dunha familia que teña recoñecida oficialmente a condición de familia numerosa, a reserva do seu posto de traballo estenderase ata un máximo de 15 meses cando se trate dunha familia numerosa de categoría xeral, e ata un máximo de 18 meses se se trata de categoría especial.»

Catro. Engádeselle un novo parágrafo ó artigo 29, número 4, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, coa seguinte redacción:

«No caso da excedencia prevista no número 1 do presente título, o dereito á reserva do posto de traballo durante o primeiro ano a que se refire o parágrafo anterior estenderase ata un máximo de 15 meses, cando se trate de membros de unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familia numerosa de categoría xeral, e ata un máximo de 18 meses, se teñen a condición de familia numerosa de categoría especial.»

Disposición adicional segunda. *Ampliación de beneficios.*

1. Os beneficios establecidos ó abeiro desta lei para as unidades familiares que teñan recoñecida a condición

de familia numerosa teñen a natureza de mínimos e serán compatibles ou acumulables con calquera outro que, por calquera causa, disfruten os membros destas.

2. O Estado, as comunidades autónomas e as administracións locais, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán ampliar a acción protectora desta lei para contribuír á maior efectividade do principio establecido no artigo 39 da Constitución.

Disposición adicional terceira. *Exención de taxas.*

Os documentos que sexan necesarios para o recoñecemento ou anovamento do título de familia numerosa, que deban expedilas oficinas e os rexistros públicos da Administración xeral do Estado, estarán exentos de taxas e demais dereitos de expedición.

As comunidades autónomas e as administracións locais poderán establecer, no ámbito das súas respectivas competencias, as exencións a que se refire o parágrafo anterior con relación ós documentos expedidos por elas.

Disposición adicional cuarta. *Reforma da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase o artigo 5 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 5.

En atención ás circunstancias de familia do solicitante, número de fillos ou familiares ó seu cargo, estado de saúde, obrigas económicas que sobre el pesen, custos derivados da iniciación do proceso ou outras de análoga natureza, obxectivamente avaliadas, e, en todo caso, cando o solicitante posúa a condición de ascendente dunha familia numerosa de categoría especial, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta ante a que se presente a solicitude poderá conceder excepcionalmente, mediante resolución motivada, o recoñecemento do dereito ás persoas cuns recursos e ingresos que, mesmo superando os límites previstos no artigo 3, non excedan do cuádruplo do salario mínimo interprofesional.

En tales casos, a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta correspondente determinará expresamente qué beneficios dos recollidos no artigo 6, e en qué proporción, son de aplicación ó solicitante.»

Disposición adicional quinta. *Exencións e bonificacións.*

As exencións e bonificacións previstas na letra a) do artigo 12.1 en ningún caso poderán ser inferiores ás establecidas para as familias numerosas no momento de entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional sexta. *Observatorio da Familia.*

Crearase o Observatorio da Familia, que quedará integrado no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, coa finalidade de coñecer a situación das familias e da súa calidade de vida, realiza-lo seguimento das políticas sociais que a afectan, facer recomendacións en relación coas políticas públicas e efectuar estudos e publicacións que contribúan ó mellor coñecemento das necesidades da familia.

Disposición adicional sétima. *Proxenitores de familias numerosas.*

Os poderes públicos facilitarán a incorporación ó mercado de traballo dos proxenitores de familias numerosas.

Disposición adicional oitava. *Cesión de datos persoais nos supostos de comprobación de ingresos da unidade familiar.*

Entenderase que a solicitude de condición de familia numerosa supón o consentimento para a cesión de datos de carácter persoal necesarios para a comprobación de ingresos económicos da unidade familiar por parte do órgano xestor.

Disposición transitoria primeira. *Clasificación das familias numerosas.*

A partir da entrada en vigor desta lei, as familias numerosas que teñan recoñecido un título de acordo coa Lei 25/1971, do 19 de xuño, quedarán automaticamente clasificadas nas seguintes categorías:

a) As clasificadas na primeira categoría que teñan menos de cinco fillos quedarán incluídas na categoría xeral.

b) As clasificadas na primeira categoría que teñan cinco ou seis fillos, así como as que teñan catro fillos nos supostos referidos nos números 1, letra a) e 2 do artigo 4 desta lei, quedarán incluídas na categoría especial.

c) As clasificadas na segunda categoría e na categoría de honra quedarán igualmente incluídas na categoría especial.

Disposición transitoria segunda. *Mantemento dos beneficios previstos pola Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección das familias numerosas.*

1. Ata que queden desenvolvidos os beneficios previstos nesta lei, en cada ámbito territorial e competencial, continuarán sendo de aplicación os previstos na Lei 25/1971, do 19 de xuño, de protección das familias numerosas, e demais normas regulamentarias ata o de agora vixentes ó respecto.

2. Naqueles supostos en que os beneficios previstos ó abeiro da lexislación anterior sexan diferentes segundo a categoría de que se trate, a partir da entrada en vigor desta lei:

a) Ás familias que quedan clasificadas na categoría xeral seranlles de aplicación os beneficios previstos para a primeira categoría.

b) As familias que quedan clasificadas na categoría especial aplicaráselle-las beneficios previstos para a categoría de honra.

3. As familias que tivesen a categoría de honra de acordo co previsto na Lei 25/1971, do 19 de xuño, conservarán o dereito ós beneficios previstos para a categoría especial, aínda que o número de fillos computables sexa inferior ó que esta lei require para ser cualificada como familia numerosa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, queda derogada a Lei 25/1971, do 19 de xuño, sobre protección das familias numerosas, e o Decreto 3140/1971, do 23 de decembro, que a desenvolvía, así como as demais normas legais ou regulamentarias que se opoñan ou sexan incompatibles co establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Esta lei, que, de acordo co previsto nos artigos 39 e 53 da Constitución, define as condicións básicas para

garanti-la protección social, xurídica e económica das familias numerosas, resulta de aplicación xeral ó abeiro do artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 17.<sup>a</sup> da Constitución. Exceptúanse do anterior os artigos 11 ó 16, ambos inclusive, que resultan só de aplicación directa no ámbito da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, desenvolvemento e execución desta lei, tendo en conta, para efectos dos beneficios outorgados ás familias numerosas, as categorías en que estas estean clasificadas de acordo co previsto no artigo 4 e as rendas das unidades familiares en relación co número de membros destas.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21053** LEI 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade. («BOE» 277, do 19-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Son múltiples os mecanismos que, en cumprimento do mandato que o artigo 49 da Constitución lles dá ós poderes públicos, tentan responder á especial situación das persoas con discapacidade, ordenando os medios necesarios para que a minusvalidez que padecen non lles impida o disfrute dos dereitos que a tódolos cidadáns lles recoñecen a Constitución e as leis, logrando así que a igualdade entre tales persoas e o resto dos cidadáns sexa real e efectiva, tal e como esixe o artigo 9.2 da Constitución.

Hoxe constitúe unha realidade a supervivencia de moitos discapacitados ós seus proxenitores, debido á mellora de asistencia sanitaria e a outros factores, e novas formas de discapacidade como as lesións cerebrais e medulares por accidentes de tráfico, enfermidade de Alzheimer e outras, que fan aconsellable que a asistencia económica ó discapacitado non se faga só con cargo ó Estado ou á familia, senón con cargo ó propio patrimonio que permita garanti-lo futuro do minusválido en previsión doutras fontes para custear-las gastos que deben afrontarse.

Esta lei ten por obxecto regular novos mecanismos de protección da persoas con discapacidade, centrados nun aspecto esencial desta protección, como é o patrimonial.